

## AUTOR

## O testamento calado

**21.06.2011** Xavier Rodríguez Barrio: "Din nos libros de texto que son un poeta raro: vivir apartado en Lugo sálvame dos problemas que hai nos gremios"

VANESA OLIVEIRA . SANTIAGO

Xavier Rodríguez Barrio ((Lugo, 1956), sabe ben cal é a sensación de recibir un premio: ten no seu haber máis de trinta dos galardóns literarios máis prestixiosos de Galicia, Portugal ou España. Porén, esa sensación, por coñecida, non resulta menos reconfortante para o autor, logo de gañar a XXVII Edición do Premio Cidade de Ourense por *Calado testamento*, a obra que supón o seu regreso á primeira liña da lírica galega, logo de case vinte anos sen publicar poesía.

O premio, convertido no máis veterano dos galardóns de poesía en Galicia, está dotado con 6.000 euros e coa publicación da obra en Espiral Maior. "É unha recompensa a un esforzo: eu son dunha xeración que empezou a publicar de moi novos como Claudio Rodríguez Fer ou Fiz Vergara Vilariño. Publiquei o meu primeiro libro con 17 anos. Nesa medida, é unha ilusión e unha alegría grande despois de levar gañados tantos premios", remarca o autor lugués.

Rodríguez Barrio, tradutor e coordinador de Normalización Lingüística da Deputación de Lugo dende hai máis de vinte anos, ten recibido galardóns como o Celso Emilio Ferreiro, o Accésit do Esquío, o Eusebio Lorenzo Baleirón... Participou na fundación da Asociación de Escritores en Lingua Galega e no PEN Clube así como en colectivos literarios como Cravo Fondo.

Pero o seu grande momento literario chegou con *Antiga claridade* que marcou un fito na poesía galega actual obtendo o Premio Martín Codax, de Vigo, o Nacional da Crítica Española ou sendo finalista do Nacional de Poesía en 1992. "Eu mesmo quedei abraiado do impacto que tivo aquel libro incluso en vendas: chegou a esgotarse logo de vender máis de 2.000 exemplares. Aí chegou o momento no que fixen balance. Levaba publicado un libro cada dous anos. Á todo un pouco disparado e por iso me tomei un tempo para escribir un libro de poesía, pero con calma", explica o autor lugués.

Foi así como comezou a moldear os versos de *Calado testamento* en 1995. Foron máis de quince anos de escrita a lume lento, nos que non renunciou ao verso libre e longo pero con ritmo nin ao pracer do recitado e á pulcritude lingüística co galego. "Cando comezamos a escribir non había dicionario nin gramática do galego. Eu nacín en Lugo capital e fun educado en castelán. Así que a miña preocupación máis profunda era recuperar formas perdidas da lingua para a linguaxe poética, o cal me valeu que me consideren nos libros de texto un poeta escuro e raro: vivo apartado en Lugo porque non teño carné de conducir. Pero iso permitiu que me salvara dos problemas que hai en todos os gremios e que me leve ben con poetas de Vigo ou A Coruña....", argumenta.

O resultado é *Calado testamento*, un balance "amoroso, vital, da Terra, de Galiza como raíz", pero non significa un punto e final senón unha obra de madurez. "O libro está dividido en tres



Rodríguez Barrio recibiu o Premio Nacional da Crítica en 1992 con 'Antiga claridade'  
FOTO: eduardo castro bal/aelg

partes nas que xogo con sensacións contraditorias. A primeira chámase "En brazos da súa sombra", que xa no seu propio título fai referencia a connotacións positivas e negativas; a segunda parte, "Tan inhóspita luz" supón a vivencialidade da terra, un resumo do país onde vivimos e a derradeira parte "Ningún regreso" é unha volta ao que xa non existe, á infancia, a certas felicidades que non van volver", comenta o autor. Para o autor lucense, a proba de que a literatura galega "evolucione" reside nos "borbotóns" de novos escritores. "Antes eramos seis ou sete poetas que tiñamos como referentes a Ferrín, García Bodaño, Bernardino Graña, Arcadio López Casanova, Celso Emilio Ferreiro, Cuña Novás, Manuel María, Novoneyra, Xosé María Díaz Castro ou Cuña Novás. Hoxe o 90 por cento das novas xeracións de escritores son profesores de galego ou xornalistas", comenta.

"Xa estabamos indignados nos anos setenta"

Rodríguez Barrio deuse a coñecer en 1973 co libro *Pranto irmán*, ao que seguiron *Antífona da redención*, *Herdo e alucinación en Fisterra*, *Os laberintos da xerfa*, *Os aposentos silenciados*, *Celebración do gozo*, *Alba no muro*, *Torre para os días* ou *Colección de oráculos*. "Hai uns meses volvíñ ler algúns daqueles libros e preguntábame como podía chegar a escribir aquilo con 18 anos, con tan pouca vida vivida. Daquela os nosos libros estaban influenciados por Celso Emilio Ferreiro e era poesía social. Xa estábamos indignados nos anos setenta..."

#### ■ A CERNA

Xavier Rodríguez Barrio está considerado como un dos máis recoñecidos recitadores de Galicia. Leva realizado multitude de traballos audiovisuais para a televisión e a radio e deu máis dun cento de recitais e conferencias por toda Galicia, así como en Madrid, Barcelona e Portugal. En 1994 creou xunto co músico Luciano Pérez o proxecto e montaxe poético -musical *O son da poesía*, labor pioneiro co que deron numerosos recitais con textos de escritores galegos clásicos e contemporáneos. Entre os poetas do proxecto, Rodríguez Barrio destaca a Manuel Cuña Novás, para o que reclama "un Día das Letras Galegas". Un pracer, o do recitado, que lle debe "a Novoneyra e Carlos Oroza cos que compartín moitas tardes cando era estudante", asegura.